

# 1. Líder

## CONTRA A VIOLENCIA



### XUVENIL D. DE HONRA

| RESULTADOS               |     |
|--------------------------|-----|
| R. Oviedo – Sp. Gijón    | 1-1 |
| R. Ferrol – Deportivo    | 2-2 |
| R. Santander – TSK Rocas | 6-0 |
| Ural CF – CD Lugo        | 2-1 |
| At. Perines – Covadonga  | 3-0 |
| Colindres – Val Miñor    | 0-0 |
| Alondras – Bansasder     | 0-3 |
| Pontevedra – RC Celta    | 1-4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo         | PTS | X  | G  | E | P  | GF | GC |
|----------------|-----|----|----|---|----|----|----|
| RC CELTA       | 34  | 13 | 11 | 1 | 1  | 36 | 6  |
| SPORTING GIJÓN | 28  | 13 | 8  | 4 | 1  | 44 | 3  |
| CD LUGO        | 27  | 13 | 8  | 3 | 2  | 25 | 6  |
| R.SANTANDER    | 26  | 13 | 8  | 2 | 3  | 37 | 7  |
| REAL OVIEDO    | 26  | 13 | 7  | 5 | 1  | 23 | 5  |
| URAL CF        | 23  | 13 | 7  | 2 | 4  | 29 | 5  |
| RC DEPORTIVO   | 22  | 13 | 6  | 4 | 3  | 27 | 10 |
| BANSANDER      | 17  | 13 | 5  | 2 | 6  | 16 | 8  |
| ATL PERINES    | 16  | 13 | 4  | 4 | 5  | 18 | 9  |
| TSK ROCAS      | 15  | 13 | 4  | 3 | 6  | 12 | 7  |
| RACING FERROL  | 14  | 13 | 3  | 5 | 5  | 17 | 13 |
| ED VAL MIÑOR   | 14  | 13 | 3  | 5 | 5  | 14 | 13 |
| ALONDRAZ CF    | 8   | 13 | 2  | 2 | 9  | 8  | 13 |
| CD COVADONGA   | 6   | 13 | 1  | 1 | 9  | 7  | 14 |
| PONTEVEDRA CF  | 6   | 13 | 2  | 0 | 11 | 11 | 11 |
| CD COLINDRES   | 6   | 13 | 1  | 3 | 9  | 5  | 16 |

### PRÓXIMA XORNADA

|                        |                          |
|------------------------|--------------------------|
| TSK Rocas – Pontevedra | CD Lugo – Colindres      |
| RC Celta – At. Perines | Alondras – Val Miñor     |
| Covadonga – R. Oviedo  | Bansasder – R. Ferrol    |
| Sp. Gijón – Ural CF    | Deportivo – R. Santander |

### XUVENIL LIGA NACIONAL

| RESULTADOS             |     |
|------------------------|-----|
| Porrño – Valladares    | 2-5 |
| CD Lugo B – Orillamar  | 3-1 |
| Val Miñor B – Pabellón | 0-0 |
| RC Celta B – Conxo     | 0-2 |
| Arosa SC – Sta. Mariña | 2-1 |
| Choco – RC Villabés    | 4-1 |
| Victoria – CD Areosa   | 2-1 |
| Deportivo B – CD Lerez | 6-1 |
| Calasanz – R. Bouzas   | 1-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo         | PTS | X  | G | E | P | GF | GC |
|----------------|-----|----|---|---|---|----|----|
| VICTORIA C.F.  | 29  | 12 | 9 | 2 | 1 | 27 | 14 |
| R.C. CELTA "B" | 28  | 12 | 9 | 1 | 2 | 29 | 14 |
| C.D. CALASANZ  | 28  | 12 | 9 | 1 | 2 | 22 | 10 |
| PABELLÓN C.F.  | 27  | 12 | 8 | 3 | 1 | 30 | 12 |
| DEPORTIVO "B"  | 25  | 12 | 8 | 1 | 3 | 24 | 12 |
| C.D. CHOCO     | 20  | 12 | 6 | 2 | 4 | 20 | 13 |
| C.D. CONKO     | 19  | 12 | 6 | 1 | 5 | 30 | 23 |
| R. VILLABÉS    | 19  | 12 | 6 | 1 | 5 | 14 | 18 |
| C.D. AREOSA    | 16  | 12 | 5 | 1 | 6 | 17 | 19 |
| RAPIDO BOUZAS  | 14  | 12 | 4 | 2 | 6 | 12 | 13 |
| VAL MIÑOR "B"  | 14  | 12 | 3 | 5 | 4 | 13 | 15 |
| PORRINO C.F.   | 14  | 12 | 4 | 2 | 6 | 17 | 24 |
| VALLADARES     | 11  | 12 | 3 | 2 | 7 | 16 | 22 |
| AROSA S.C.     | 11  | 12 | 3 | 2 | 7 | 11 | 20 |
| ORILLAMAR S.D. | 11  | 12 | 3 | 2 | 7 | 12 | 32 |
| SANTA MARINHA  | 10  | 12 | 3 | 1 | 8 | 15 | 18 |
| C.D. LUGO "B"  | 7   | 12 | 2 | 1 | 9 | 13 | 30 |
| C.D. LEREZ     | 5   | 12 | 1 | 2 | 9 | 15 | 38 |

### PRÓXIMA XORNADA

|                         |                         |
|-------------------------|-------------------------|
| Porrño – CD Lugo B      | CD Areosa – Deportivo B |
| Orillamar – Val Miñor B | CD Lerez – Calasanz     |
| Conxo – Arosa SC        | Valladares – R. Bouzas  |
| Santa Mariña – Choco    | Pabellón – RC Celta B   |
| RC Villabés – Victoria  |                         |

### XUVENIL GALEGA NORTE

| RESULTADOS              |     |
|-------------------------|-----|
| Compostela – Boiro      | 1-1 |
| Residencia – Ural B     | 1-3 |
| As Pontes – At. Arteixo | 6-2 |
| G. Caranza – Victoria B | 2-1 |
| Montañeros – Estrada FB | 2-1 |
| Lalín – Bergantiños     | 2-2 |
| Conxo B – Viveiro CF    | 5-1 |
| O Val – Dumbria         | 4-1 |
| Betanzos – At. Riveira  | 3-5 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo            | PTS | X  | G  | E | P | GF | GC |
|-------------------|-----|----|----|---|---|----|----|
| E.F. LALIN        | 32  | 12 | 10 | 2 | 0 | 34 | 9  |
| S.D. COMPOSTELA   | 29  | 12 | 9  | 2 | 1 | 28 | 12 |
| S.D. O VAL        | 27  | 12 | 9  | 0 | 3 | 30 | 19 |
| MONTAÑEROS C.F.   | 25  | 12 | 7  | 4 | 1 | 24 | 12 |
| BERGANTINOS C.F.  | 21  | 12 | 6  | 3 | 3 | 22 | 13 |
| C.F. DUMBRIA      | 20  | 12 | 6  | 2 | 4 | 18 | 18 |
| URAL CF "B"       | 18  | 12 | 5  | 3 | 4 | 27 | 18 |
| VICTORIA C.F. "B" | 17  | 12 | 5  | 2 | 5 | 20 | 19 |
| ESTRADA FB        | 16  | 12 | 5  | 1 | 6 | 17 | 23 |
| C.D. CONKO        | 15  | 12 | 5  | 0 | 7 | 22 | 17 |
| C.D. BOIRO        | 15  | 12 | 4  | 3 | 5 | 19 | 19 |
| GAUCIA CARANZA    | 14  | 12 | 4  | 2 | 6 | 21 | 25 |
| VIVEIRO C.F. "A"  | 13  | 12 | 3  | 4 | 5 | 18 | 22 |
| RESIDENCIA        | 13  | 12 | 4  | 1 | 7 | 21 | 28 |
| C.D. AS PONTES    | 11  | 12 | 3  | 2 | 7 | 19 | 21 |
| AT. DE RIVEIRA    | 10  | 12 | 3  | 1 | 8 | 27 | 49 |
| BETANZOS C.F.     | 7   | 12 | 2  | 1 | 9 | 16 | 40 |
| AT. ARTEIXO       | 3   | 12 | 0  | 3 | 9 | 13 | 32 |

### PRÓXIMA XORNADA

|                          |                       |
|--------------------------|-----------------------|
| Compostela – Residencia  | Bergantiños – Conxo B |
| Ural B – As Pontes       | Viveiro CF – O Val    |
| At. Arteixo – G. Caranza | Dumbria – Betanzos    |
| Victoria B – Montañeros  | Boiro – At. Riveira   |
| Estrada – EF Lalín       |                       |

### XUVENIL GALEGA SUR

| RESULTADOS               |     |
|--------------------------|-----|
| Coruxo – Tomiño          | 2-3 |
| Calasancio – Ribadumia   | 2-0 |
| Barco – Comesaña         | 1-0 |
| Alondras B – A Seca      | 2-1 |
| Ourense CF – Choco B     | 5-1 |
| Vila Corpus – UD Ourense | 1-2 |
| Portonovo – Barbadas     | 2-0 |
| Pabellón B – Verin       | 6-1 |
| AJ Lerez – Monteporreiro | 3-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo            | PTS | X  | G | E | P | GF | GC |
|-------------------|-----|----|---|---|---|----|----|
| OURENSE C.F.      | 28  | 12 | 9 | 1 | 2 | 37 | 14 |
| U.D. OURENSE      | 27  | 12 | 8 | 3 | 1 | 26 | 11 |
| MONTPEPAREIRO     | 25  | 12 | 8 | 1 | 3 | 27 | 17 |
| A.J. LEREZ        | 22  | 12 | 7 | 1 | 4 | 32 | 18 |
| A.D. VILA CORPUS  | 20  | 12 | 6 | 2 | 4 | 22 | 22 |
| CORUXO F.C.       | 19  | 12 | 5 | 4 | 3 | 20 | 17 |
| U.D. BARBADAS     | 19  | 12 | 6 | 1 | 5 | 16 | 16 |
| PABELLÓN "B"      | 18  | 12 | 5 | 3 | 4 | 34 | 20 |
| C.P. CALASANCIO   | 18  | 12 | 5 | 3 | 4 | 15 | 17 |
| A.D. TOMINO       | 17  | 12 | 5 | 2 | 5 | 34 | 33 |
| ALONDRAZ C.F. "B" | 15  | 12 | 4 | 3 | 5 | 19 | 22 |
| C.D. RIBADUMIA    | 14  | 12 | 4 | 2 | 6 | 23 | 29 |
| C.D. CALASANZ     | 13  | 12 | 4 | 1 | 7 | 23 | 23 |
| E.D.C. VERIN      | 12  | 12 | 3 | 3 | 6 | 18 | 23 |
| PORTONOVO S.D.    | 12  | 12 | 3 | 3 | 6 | 16 | 24 |
| U.D. COMESAÑA     | 11  | 12 | 3 | 2 | 7 | 20 | 30 |
| C.D. CHOCO "B"    | 7   | 12 | 1 | 4 | 7 | 10 | 29 |
| C.D. BARCO        | 7   | 12 | 2 | 1 | 9 | 12 | 39 |

### PRÓXIMA XORNADA

|                       |                        |
|-----------------------|------------------------|
| Coruxo – Calasancio   | UD Ourense – Portonovo |
| Ribadumia – Barco     | Barbadas – Pabellón B  |
| Comesaña – Alondras B | Verin – AJ Lerez       |
| A Seca – Ourense CF   | Tomiño – Monteporreiro |
| Choco – Vila Corpus   |                        |

### CADETE DIVISIÓ HONRA

| RESULTADOS               |       |
|--------------------------|-------|
| Coruxo – Val Miñor       | 0-1   |
| CD Lugo – Ural CF        | 1-2   |
| Ourense CF – Pabellón    | 1-0   |
| RC Celta – Conxo         | 3-0   |
| Montañeros – Sta. Mariña | 2-1   |
| R. Ferrol – Bergantiños  | 2-2   |
| Victoria – CD Areosa     | 3-2   |
| Deportivo – Pontevedra   | 5-1   |
| Calasanz – San Tirso     | Susp. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo            | PTS | X  | G  | E | P  | GF | GC |
|-------------------|-----|----|----|---|----|----|----|
| R.C. DEPORTIVO    | 31  | 12 | 10 | 1 | 1  | 36 | 9  |
| R.C. CELTA S.A.D. | 30  | 12 | 10 | 0 | 2  | 54 | 9  |
| URAL CF           | 28  | 12 | 9  | 1 | 2  | 23 | 11 |
| PABELLÓN C.F.     | 22  | 12 | 7  | 1 | 4  | 24 | 14 |
| PONTEVEDRA C.F.   | 21  | 12 | 7  | 0 | 5  | 24 | 21 |
| C.B. LUGO         | 18  | 12 | 5  | 3 | 4  | 24 | 17 |
| VAL MIÑOR         | 18  | 12 | 5  | 3 | 4  | 19 | 15 |
| C.D. CALASANZ     | 18  | 11 | 5  | 3 | 3  | 15 | 14 |
| OURENSE C.F.      | 18  | 12 | 5  | 3 | 4  | 14 | 17 |
| R. FERROL         | 17  | 12 | 5  | 2 | 5  | 19 | 28 |
| CORUXO F.C.       | 16  | 12 | 5  | 1 | 6  | 15 | 16 |
| SAN TIRSO S.D.    | 14  | 11 | 4  | 2 | 5  | 18 | 19 |
| C.D. CONKO        | 13  | 12 | 3  | 4 | 5  | 15 | 18 |
| BERGANTINOS C.F.  | 10  | 12 | 2  | 4 | 6  | 17 | 36 |
| VICTORIA C.F.     | 9   | 12 | 3  | 0 | 9  | 15 | 28 |
| SANTA MARINHA     | 9   | 12 | 2  | 3 | 7  | 12 | 26 |
| MONTAÑEROS C.F.   | 8   | 12 | 2  | 2 | 8  | 8  | 33 |
| C.D. AREOSA       | 4   | 12 | 1  | 1 | 10 | 15 | 36 |

### PRÓXIMA XORNADA

|                          |                       |
|--------------------------|-----------------------|
| Coruxo – CD Lugo         | CD Areosa – Deportivo |
| Ural – Ourense CF        | Pontevedra – Calasanz |
| Conxo – Montañeros       | Val Miñor – San Tirso |
| Santa Mariña – R. Ferrol | Pabellón – RC Celta   |
| Bergantiños – Victoria   |                       |

### CADETE GALEGA NORTE

| RESULTADOS                |     |
|---------------------------|-----|
| Bertamirans – EF Lalín    | 4-1 |
| Dumbria – Ural B          | 0-1 |
| San Tirso B – Deportivo B | 0-4 |
| G. Caranza – Victoria B   | 0-1 |
| RC Villabés – Estrada FB  | 2-2 |
| Orillamar – Bergantiños B | 1-4 |
| X. Oroso – Viveiro CF     | 4-0 |
| R. Ferrol – CD Lugo B     | 3-1 |
| Calasanz B – Milagrosa    | 0-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo             | PTS | X  | G  | E | P  | GF | GC |
|--------------------|-----|----|----|---|----|----|----|
| BERTAMIRANS C.F.   | 34  | 12 | 11 | 1 | 0  | 33 | 9  |
| X. OROSO           | 31  | 12 | 10 | 1 | 1  | 46 | 14 |
| DEPORTIVO "B"      | 26  | 12 | 8  | 2 | 2  | 31 | 11 |
| RACING VILLABÉS    | 26  | 12 | 8  | 2 | 2  | 30 | 15 |
| C.F. DUMBRIA       | 26  | 12 | 8  | 2 | 2  | 20 | 11 |
| BERGANTINOS "B"    | 21  | 12 | 6  | 3 | 3  | 16 | 9  |
| GAUCIA CARANZA     | 20  | 12 | 6  | 2 | 4  | 32 | 11 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 18  | 12 | 5  | 3 | 4  | 20 | 19 |
| ESTRADA FB         | 16  | 12 | 4  | 4 | 4  | 19 | 22 |
| C.D. CALASANZ "B"  | 15  | 12 | 4  | 4 | 4  | 17 | 15 |
| C.B. LUGO "B"      | 15  | 12 | 5  | 0 | 7  | 17 | 30 |
| VIVEIRO C.F. "A"   | 12  | 12 | 3  | 3 | 6  | 19 | 25 |
| URAL CF "B"        | 11  | 12 | 3  | 2 | 7  | 10 | 19 |
| R. FERROL "B"      | 9   | 12 | 2  | 3 | 7  | 10 | 31 |
| E.F. LALIN         | 8   | 12 | 2  | 2 | 8  | 14 | 28 |
| S.C.D. MILAGROSA   | 8   | 12 | 2  | 2 | 8  | 10 | 32 |
| VICTORIA C.F. "B"  | 7   | 12 | 2  | 1 | 9  | 12 | 24 |
| ORILLAMAR S.D.     | 3   | 12 | 1  | 0 | 11 | 8  | 39 |

### PRÓXIMA XORNADA

|                          |                          |
|--------------------------|--------------------------|
| Bertamirans – Dumbria    | Bergantiños B – X. Oroso |
| Ural B – San Tirso       | Viveiro CF – R. Ferrol B |
| Deportivo B – G. Caranza | CD Lugo B – Calasanz B   |
| Victoria B – RC Villabés | EF Lalín – Milagrosa     |
| Estrada FB – Orillamar   |                          |

### INFANTIL GALEGA NORTE

| RESULTADOS              |      |
|-------------------------|------|
| Bertamirans – San Tirso | 3-1  |
| Residencia – Ural       | 0-5  |
| Imperator – Deportivo   | 1-12 |
| Milagrosa – Victoria    | 0-1  |
| Montañeros – X. Oroso   | 0-7  |
| EF Lalín – Bergantiños  | 1-2  |
| Conxo – G. Caranza      | 4-1  |
| R. Ferrol – CD Lugo     | 4-3  |
| Calasanz – At. Riveira  | 2-2  |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo           | PTS | X  | G  | E | P  | GF | GC |
|------------------|-----|----|----|---|----|----|----|
| R.C. DEPORTIVO   | 36  | 12 | 12 | 0 | 0  | 79 | 6  |
| BERTAMIRANS F.C. | 33  | 12 | 11 | 0 | 1  | 49 | 8  |
| VICTORIA C.F.    | 25  | 12 | 8  | 1 | 3  | 39 | 30 |
| R. FERROL        | 25  | 12 | 8  | 1 | 3  | 29 | 23 |
| MONTAÑEROS C.F.  | 24  | 12 | 7  | 3 | 2  | 31 | 17 |
| X. OROSO         | 22  | 12 | 7  | 1 | 4  | 50 | 14 |
| URAL C.F.        | 22  | 12 | 7  | 1 | 4  | 20 | 18 |
| C.D. CONKO       | 18  | 12 | 5  | 3 | 4  | 26 | 27 |
| C.D. LUGO        | 17  | 12 | 5  | 2 | 5  | 29 | 26 |
| E.F. LALIN       | 17  | 12 | 5  | 2 | 5  | 31 | 29 |
| BERGANTINOS C.F. | 16  | 12 | 5  | 1 | 6  | 18 | 23 |
| SAN TIRSO S.D.   | 14  | 12 | 3  | 5 | 4  | 17 | 20 |
| C.D. CALASANZ    | 13  | 12 | 3  | 4 | 5  | 18 | 30 |
| AT. DE RIVEIRA   | 12  | 12 | 3  | 1 | 8  | 21 | 42 |
| G. CARANZA       | 9   | 12 | 3  | 0 | 9  | 20 | 42 |
| IMPERATOR O.A.R. | 9   | 12 | 3  | 0 | 9  | 17 | 52 |
| RESIDENCIA       | 1   | 12 | 0  | 1 | 11 | 7  | 55 |

# A efectividade do Ural castigou ao Lugo na piscina da Grela

**PARTIDO MARCADO POLA CHOIVA E O MAL ESTADO DO TERREO DE XOGO.** O aprazamento do encontro tería sido o máis lóxico. Os lucenses deixaron escapar o tren do segundo posto



Árbitro: Andrés Moaña Fernández. Campo: Campo Municipal da Grela - A Coruña

Segunda derrota da tempada para o Lugo na División de Honra xuvenil e primeira a domicilio tras caer ante o Ural na Grela, nun partido que non se debeu disputar xa que a intensa choiva encharcou por completo o terreo de xogo e o fútbol pasou a un plano secundario.

Todo isto non lle resta nin unha pinga de mérito ao Ural, a gran sensación no que vai de tempada na máxima categoría do fútbol base nacional. Os herculinos, recén ascendidos,

# 3

**POSTO** o CD Lugo non puido aproveitar o empate no derbi asturiano entre o Real Oviedo e o Spórting, polo que segue na terceira praza a un punto do segundo clasificado

son sextos tras trece xornadas con 23 puntos, a tan só catro do Lugo, terceiro clasificado.

O Ural sorprende á primeira de cambio, pero o certo é que é unha xera-



Alex Ramos e Jesús presionando a un xogador do Deportivo nun partido na Reigosa

ción que se mantén xunta desde fas moitos anos e que colecciona ascensos nas diferentes categorías nas que competiu.

O Lugo era consciente diso e tomouse o partido moi en serio, pero as condicións que o envolveron marcárono por completo.

Ante a imposibilidade de xogar o balón, o fút-

bol directo, as disputas e segundas xogadas acabaron todo o protagonismo.

O Ural pegou primeiro, no ecuador da primeira parte, na primeira chegada a algunha das dúas áreas. Un mal despeixe da zaga lucense deixou o balón solto e un punta local enviouno ao fondo

das mallas da portería defendida nesta ocasión por Brais, que volvía á titularidade.

O gol non variou a única folla de ruta que se podía dar neste encontro, mentres que Christian, cun disparo ao pau, dispuxo da ocasión máis clara do Lugo para empatar antes do descanso.

**“En esta ocasión salíó cruz en la lotería del diluvio”**

MIGUEL MATEOS CD Lugo

Na segunda parte o Ural puxo terra polo medio no marcador ao culminar unha contra, practicamente no seu segundo disparo a porta.

Christian intentou recortar distancias, pero o porteiro local gañoulle a partida no man a man e o gol do gran capitán, de Dani Vidal, que neste partido estreou suplencia, tan só serviu para recortar distancias nos minutos finais dun encontro que non se debeu disputar.

**Próxima xornada**

O outeiro da División de Honor xuvenil, o Colindres, será o próximo rival dos de Alex Antón na División de Honor xuvenil.

| TROFEO JORGE TATO<br>XUVENIL SUPERIORES |              |    | Regularidade<br>XUVENIL SUPERIORES |              |    | Pichichi<br>CADETE SUPERIORES |               |    | Regularidade<br>CADETE SUPERIORES |               |    | Pichichi<br>INFANTIL SUPERIORES |            |    | Regularidade<br>INFANTIL SUPERIORES |            |    |
|-----------------------------------------|--------------|----|------------------------------------|--------------|----|-------------------------------|---------------|----|-----------------------------------|---------------|----|---------------------------------|------------|----|-------------------------------------|------------|----|
| Xogador                                 | Equipo       | G. | Xogador                            | Equipo       | P. | Xogador                       | Equipo        | G. | Xogador                           | Equipo        | P. | Xogador                         | Equipo     | G. | Xogador                             | Equipo     | P. |
| ALEX RAMOS                              | CD Lugo      | 6  | XABI B.                            | CD Lugo B    | 17 | GABRIEL                       | RC Villalbés  | 10 | LUIS                              | Viveiro CF    | 19 | AYMAN                           | CD Lugo    | 7  | MARCOS                              | Milagrosa  | 15 |
| DAVID LÓPEZ                             | RC Villalbés | 6  | ANXO                               | RC Villalbés | 15 | LUIS                          | Viveiro CF    | 8  | TRASI                             | Viveiro CF    | 15 | MOHA                            | CD Lugo    | 6  | ALVITE                              | Residencia | 14 |
| VELOSO                                  | Residencia   | 6  | XOEL EUJO                          | Viveiro CF   | 15 | BRIAN                         | CD Lugo       | 6  | MIGUEL                            | SCD Milagrosa | 12 | PÉREZ                           | CD Lugo    | 5  | CEREJO                              | Calasancio | 12 |
| CHRISTIAN                               | CD Lugo      | 5  | MACLY                              | Viveiro CF   | 11 | MANU                          | CD Lugo       | 5  | CADRA                             | RC Villalbés  | 11 | NACHO                           | Calasancio | 3  | BUIDE                               | CD Lugo    | 12 |
| DANI A.                                 | CD Lugo B    | 4  | JUAN                               | Viveiro CF   | 10 | PÉREZ                         | CD Lugo       | 5  | YAGO                              | SCD Milagrosa | 11 | DANI                            | CD Lugo    | 3  | MANU F.                             | CD Lugo    | 12 |
| MOREDA                                  | RC Villalbés | 4  | MOREDA                             | RC Villalbés | 9  | CADRA                         | RC Villalbés  | 4  | MANEL                             | CD Lugo B     | 10 | CEREJO                          | Calasancio | 2  | GONZALO                             | Milagrosa  | 12 |
| BATALLÓN                                | Residencia   | 4  | ÓSCAR                              | RC Villalbés | 9  | TRASI                         | Viveiro CF    | 4  | GABI                              | RC Villalbés  | 10 | DÍAZ                            | Calasancio | 2  | MAEL                                | Residencia | 11 |
| FONSECA                                 | Residencia   | 4  | GARCÍA                             | Residencia   | 9  | SAMUEL                        | CD Lugo       | 3  | GABRIEL                           | RC Villalbés  | 10 | BUIDE                           | CD Lugo    | 2  | TONI                                | Calasancio | 9  |
| SERGI                                   | Calasancio   | 3  | JAIRÓ                              | Viveiro CF   | 9  | BORJA                         | CD Lugo B     | 3  | CABADO                            | RC Villalbés  | 10 | MARCO                           | CD Lugo    | 2  | LAMUS                               | Calasancio | 8  |
| JORGE                                   | Calasancio   | 3  | ANDRÉS                             | Calasancio   | 8  | IAGO GESTO                    | RC Villalbés  | 3  | RAÚL C.                           | RC Villalbés  | 10 | ALONSO                          | Residencia | 2  | DENIS                               | Calasancio | 8  |
| GABARRE                                 | CD Lugo      | 3  | RUBÉN                              | CD Lugo B    | 8  | YAGO C.                       | SCD Milagrosa | 3  | XOEL IRIMIA                       | CD Lugo B     | 9  | JAVI                            | Calasancio | 1  | DAVID                               | Residencia | 8  |
| JAIRÓ                                   | Viveiro CF   | 3  | PABLO D.                           | Residencia   | 8  | YAGO                          | SCD Milagrosa | 3  | DENIS                             | SCD Milagrosa | 9  | ANTÓN                           | CD Lugo    | 1  | B. VASCO                            | Milagrosa  | 7  |
| PABLO C.                                | Viveiro CF   | 3  | ÁLEX                               | Calasancio   | 7  | CASTRÍN                       | CD Lugo       | 2  | DANI                              | RC Villalbés  | 8  | IKER                            | CD Lugo    | 1  | LEO                                 | Milagrosa  | 7  |
| JORGE                                   | Viveiro CF   | 3  | ABEL                               | Calasancio   | 7  | GABRI                         | CD Lugo B     | 2  | BRAIS                             | SCD Milagrosa | 8  | ROSÓN                           | CD Lugo    | 1  | NACHO                               | Calasancio | 6  |
| ABEL                                    | Calasancio   | 2  | IAGO                               | Calasancio   | 7  | FREIRE                        | CD Lugo B     | 2  | PAJÓN                             | SCD Milagrosa | 8  | AHÍTO                           | Milagrosa  | 1  | ROSÓN                               | CD Lugo    | 6  |
| JORDI                                   | Calasancio   | 2  | DAVID                              | RC Villalbés | 7  | LEO                           | CD Lugo B     | 2  | BOIXET                            | Viveiro CF    | 8  | BRUNO                           | Milagrosa  | 1  | HUGO                                | Milagrosa  | 6  |
| MARTÍN                                  | CD Lugo      | 2  | ÁNGEL                              | Residencia   | 7  | MICHI                         | CD Lugo B     | 2  | BORJA                             | CD Lugo B     | 6  | HUGO                            | Milagrosa  | 1  | HUGO P.                             | Residencia | 6  |
| ÓSCAR                                   | CD Lugo      | 2  | IVÁN                               | Viveiro CF   | 7  | GABI                          | RC Villalbés  | 2  | CABARCOS                          | SCD Milagrosa | 6  | RAÚL                            | Milagrosa  | 1  | CARMEN                              | Calasancio | 5  |
| SCHUSTER                                | CD Lugo      | 2  | JORGE                              | Calasancio   | 6  | RAÚL L.                       | RC Villalbés  | 2  | ALEJANDRO                         | Viveiro CF    | 6  | ERIK                            | Residencia | 1  | BRAIS M.                            | Calasancio | 5  |
| VIDAL                                   | CD Lugo      | 2  | JAVI                               | Calasancio   | 6  | DIEGO                         | RC Villalbés  | 2  | NOVO                              | Viveiro CF    | 5  | JULIO                           | Residencia | 1  | DANI                                | CD Lugo    | 5  |
| YAGO                                    | CD Lugo B    | 2  | PORTO                              | CD Lugo B    | 6  | JERICÓ                        | Viveiro CF    | 2  | FREIRE                            | CD Lugo B     | 4  | SAÚL                            | Residencia | 1  | JORGE                               | CD Lugo    | 5  |
| SAMUEL                                  | RC Villalbés | 2  | DAVID                              | CD Lugo B    | 6  | HUGUITO                       | Viveiro CF    | 2  | MATEO                             | CD Lugo B     | 4  | NICO F.                         | Residencia | 1  | MOHA                                | CD Lugo    | 5  |
| REIGOSA                                 | Residencia   | 2  | PABLO D.                           | Residencia   | 6  | JAVIER                        | CD Lugo       | 1  | JACOBO                            | CD Lugo B     | 4  | XAVI                            | Residencia | 1  | DÍAZ                                | Calasancio | 4  |
| CONDE                                   | Residencia   | 2  | SERGI                              | Calasancio   | 5  | LUIS                          | CD Lugo       | 1  | LEO                               | CD Lugo B     | 4  | -                               | -          | -  | IAGO                                | Calasancio | 4  |
| XAVI                                    | Viveiro CF   | 2  | PABLO                              | Calasancio   | 5  | MANEL                         | CD Lugo       | 1  | MARIO                             | SCD Milagrosa | 4  | -                               | -          | -  | CRIS                                | Milagrosa  | 4  |
| BORJA                                   | Viveiro CF   | 2  | BRAIS                              | Calasancio   | 5  | BORJA                         | CD Lugo       | 1  | LUCAS                             | Viveiro CF    | 4  | -                               | -          | -  | NICO S.                             | Residencia | 4  |
|                                         |              |    | XAIRO                              | CD Lugo B    | 5  | SIRO                          | CD Lugo       | 1  | P. ALONSO                         | Viveiro CF    | 4  | -                               | -          | -  |                                     |            |    |



David Guitián escondéndolle o balón a un defensor



Rubén sacando o balón controlado entre dous rivais



Xabi Becerra impoñéndose nun balón dividido

# Tres puntos balsámicos

**PRIMEIRA VITORIA COMO LOCAL DO LUGO B**, que se repuxo da mellor forma a unha semana convulsa que desencadeou con Álex Antón e Bruno acompañando a Castro no banco



Arbitro: David Pereira Ferrero, Alberto Blanco Méndez e Yago Amil Castro. Campo: A Cheda

**“Fuimos un equipo serio y práctico para conseguir estos tres puntos”** CASTRO CD Lugo B

O Lugo B deu carpetazo a unha semana convulsa da mellor forma posible. Trala substitución de Diego Sánchez á fronte do equipo Edu Rodríguez tivo un paso máis que fugaz, e trala saída do Club de Javi López como coordinador, Álex Antón e Bruno, o corpo técnico do xuvenil A, acompañaron a Castro ante o Orillamar.

De saída o cambio de debuxo táctico, pasando dun 4-2-3-1 a un 4-3-3 era o máis rechamante, pero a presenza de David Guitián no once foi o máis determinante nun Lugo B que xogou máis compacto e minimizou os erros que tanto castigaban.

Todo se puxo de cara unha vez comezou a rodar

o balón, xa que aos dous minutos Dani Arias inaugurou o marcador. A partir de aí o Lugo B apartou a ansiedade e xogou un bo fútbol con David Guitián e Rubén asociándose e creando moito perigo por banda dereita. Con todo, o dous a cero da tranquilidade chegou pola esquerda, tras

un man a man co porteiro herculino que Xabi Domínguez culminou á perfección.

Na segunda parte o Lugo

B controlou os tempos do partido ata que o Orillamar atopouse cun gol que acendeu as alarmas. Foi entón cando David Guitián volveu a frotar a lámpada saíu o xenio e tras un preciso recorte sentenciou o partido co tres a un final.

## OS MELLORES

| CD LUGO B  |       |
|------------|-------|
| GUITIÁN    | 2 2 2 |
| DANI ARIAS | 2 2   |
| RUBÉN      | 2     |

# O Choco deulle ao Rácing Villalbés da súa propia medicina en Redondela

**OS CATRO GOLES ENCAIXADOS EN SANTA MARIÑA** chegaron tras cadanseu centro e remate na área dun conxunto rival adestrado polo lucense Alberto Suárez



Oscar golpeando o balón ante Santi Real na Roca



Arbitro: Iván Mosquera, Christian Pregal e Cristian dos Santos. Campo: Sta. Mariña - Redondela

**“Nos ha superado un gran rival. No hemos visto el equipo competitivo que queremos ser y de ahí esta derrota. A trabajar ya pensando en el siguiente partido”** CHOLAS RC Villalbés

o un a cero tras un centro lateral. Sen tempo para a reacción chairega chegou o dous a cero, nesta ocasión á saída dun córner.

No descanso Cholas moveu fichas e colocando a Noel de lateral o Rácing tivo máis profundidade. Precisamente nun centro de Noel naceu o dous a un que asinou David cun remate de cabeza marca da casa. O Villalbés soñou coa remontada e dispuxo de

chegadas para conseguilo. Con todo, o Choco tirou de eficacia e á hora de xogo

volveu poñer terra polo medio no marcador, de novo tras un centro lateral e remate desde dentro da área. Esta acción, que tantos puntos lle leva dado aos de Cholas, foi unha losa para os chairegos, que de novo cun centro lateral encaixaron o catro a un final en Redondela ante o Choco de Alberto Suárez.

## OS MELLORES

| RC VILLALBÉS |       |
|--------------|-------|
| RARES        | 2 2 2 |
| NOEL         | 2 2   |
| HERRERO      | 2     |

O Rácing Villalbés viuse superado polo Choco en Santa Mariña, onde o conxunto dirixido polo lucense Alberto Suárez deulle aos de Cholas da súa propia medicina.

O Rácing tivo unha boa

posta en escena, cunha efectiva presión en campo rival coa que o Choco non podía saír co balón xogado. O Villalbés tivo algunha chegada a balón parado que non puido concretar e á media hora os locais fixeron

# Vitoria con dosis de moral

O CALASANCIO sumou a segunda consecutiva e volveu á senda do triunfo na casa, onde non gañaban dende setembro. Os de Rubén Núñez cada vez cren máis na súa idea



O monfortino Iago co coiro de espaldas a Andrés | Dosi



Arbitro: Cristian Penas, Laura Correas e Daniel Ramirez. Campo: Instalacións Alex Blanco



Jorge, autor dun dos goles do Calasancio | Dosi

O Calasancio segue dando pasos polo camiño correcto. Os de Rubén Núñez encadearon dúas vitorias consecutivas na Liga Galega xuvenil, competición na que volveron sumar de tres en tres na casa, algo que non facían desde o pasado mes de setembro.

A idea de xogo implantada polo técnico lucense vaixe asentando en Monforte á vez que se recuperan efectivos. Ante o Ribadumia estaban en xogo máis que tres puntos, xa que se

trataba de facer mellor o resultado de Comesaña, e os monfortinos saíron fortalecidos.

O encontro estivo marcado polo terreo de xogo, encharcado e co paso dos minutos moi pesado, pero o Calasancio, cun 4-2-3-1, estivo mellor plantado no campo desde os primeiros minutos.

Crecendo desde a defensa, as accións de ataque empezaron a chegar a contagotas ata que á media hora de xogo

**“Se seguimos traballando e competindo como un equipo seguiremos todos no bo camiño”**

RUBÉN NÚÑEZ Calasancio

Brais inaugurou o marcador tras facerse cun balón peiteado dentro da área nunha prolongación dun saque de banda longo.

Co encontro máis ou menos controlado, Manu evitou o empate visitante nos minutos finais da primeira parte

cunha boa intervención, mentres que nos segundos corenta e cinco minutos o partido tivo menos control.

O cansazo e o estado do campo provocou que se rompese demasiado, aínda que o Calasancio saíu beneficiado co dous a cero nunha acción ao contragolpe iniciada por Javi e culminada por Jorge.

De aí ata o final Manu



Varios xogadores monfortinos celebrando un tanto | Dosi

encargouse de evitar que o Ribadumia recortase distancias para meterse na loita polos puntos.

## As lagoas defensivas seguen sendo un lastre



Goles: Fonseca pola Residencia, Lucas (2) e Guillermo polo Ural B

**“Hicimos un buen trabajo a nivel ofensivo, pero la mejoría en defensa tiene que llegar ya”**

DANI GALÁN Residencia

OS MELLORES

| RESIDENCIA |
|------------|
| PABLO D.   |
| ÁNGEL      |
| BATA       |

O un a cero chegou tras un penalti que transformou Fonseca ao cuarto de hora. A Residencia tiña controlado o encontro no tramo inicial, pero o Ural B chegou con empate ao descanso ao aproveitar un erro na saída de balón local para asinar o un a un nos primeiros corenta e cinco minutos nos que Sanmiguel apenas tivo traballo.

A última ocasión da primeira parte foi para Fonseca, un remate que se foi alto tras un centro de Veloso.

Sen un dominador claro empezou a segunda parte, na que o Ural B tirou de contundencia. Aos dez minutos derrubou a porta sen chamar ao culminar un contragolpe, mentres que sen tempo para reaccionar, tan só catro minutos despois, un golazo por toda a escuadra sentenciou o partido na Cheda co un a tres.

A Residencia segue sen puntuar na Cheda esta tempada, un terreo de xogo que se fixo de esperar ao comezo de curso pero sobre o que os de Dani Galán non terminan de arrincar.

A vitoria da pasada

xornada en Arteixo e o un a cero co que comezou o encontro ante o Ural B facían presaxiar que os branquiazuis poderían cambiar a dinámica en casa, pero o guiño e o desenlace, foron iguais que en pasadas xornadas.

## O Viveiro rematou desquiciado en Conxo



Goles: Martín, Javier, Brais (2) e Pablo polo CD Conxo; Jorge polo Viveiro CF

**“Parece que somos peor equipo de lo que pensábamos en un principio”**

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

8

**GOLES ENCAIXADOS** nos últimos dous encontros polo Viveiro, que nos 9 primeiros partidos tan só encaixara 13

un tamén en accións a balón parado. Con todo, cando mellor estaban os mariñanos, os composteláns inauguraron o marcador á saída dun córner sen antes xerar perigo ante Rubén.

A partir de aí o partido cambiou por completo. O Conxo Santiago B lonxe de meterse atrás xogou coa defensa moi adiantada e asfixiou a un Viveiro que cando saía da presión caía en fóra de xogo continuamente.

Antes do descanso, Yago e Borja, cun man a man, puideron cambiar o rumbo do partido, pero ao descanso chegouse con un a cero.

Na segunda parte o dous a cero, nunha acción moi protestada polo Viveiro ao solicitar fóra de xogo, empezou a romper un partido no que o conxunto celeste terminou desquiciado con varias decisións arbitrais en contra e con cinco goles encaixados que maquiollou Jorge co 5-1 na recta final.

O Viveiro viuse superado polo Conxo Santiago B na hora de xogo final, xa que ata ese momento, nos primeiros trinta minutos, incluso os de Antonio Serrano esti-

veran mellor, pero terminaron desesperados pola arbitaxe e polo seu rival.

Yago tivo unha clara ocasión ao comezo que se foi rozando o poste e o Viveiro amagou co cero a

OS MELLORES

| VIVEIRO CF |
|------------|
| JUAN       |
| XOEL       |
| CARLOS     |

# Loita sen premio para un Lugo gafado na casa

**UNHA SOA VITORIA ESTA TEMPADA COMO LOCAL** para os de Martín Murado na División de Honra cadete

**“Coa pelexa de hoxe escapáronse poucos puntos”** **MARTÍN MURADO** CD Lugo

O Lugo segue sen atopar o camiño para sumar de tres en tres na casa esta tempada. Os de Martín Murado só gañaron un partido dos cinco disputados, na segunda xornada ante o Calasanz nas Gándaras.

Desde o cambio para A Fonte, cun paso intermedio de novo polo Rodríguez Lago, aos lucenses resistíselles a vitoria.

Ante o Ural baleiráronse no terreo de xogo ante un rival que, por momentos, sobre todo na primeira parte, foi mellor.

O estado do terreo de xogo condicionou as formulacións, xa que o Lugo quixo o balón pero o campo estaba excesivamente rápido e os controis non eran do todo bos. Pola súa banda os herculinos apostaron por un fútbol moito máis directo, buscando ao seu mellor xogador, un nove potente que trouxo en xaque á zaga albivermella.

Sen apenas ocasións o primeiro xerro de auga fría chegou ao bordo da media hora de xogo co cero a un do Ural. Un gol que deixou tocado ao Lugo, polo que o descanso foi ben recibido polos lucenses.

Nos vestiarios intentaron repoiñerse, pero nada máis empezar a segunda parte o cero a dous, tras unha contra, foi un mazazo moi duro. Martín Murado e Fernando Corredoira intentaron osixenar ao equipo cos cambios e o Lugo non escatimou en esforzos para meterse de novo na loita polos puntos ao recortar Pérez distancias cun remate de cabeza.

Con pouco menos de media hora por diante o Lugo buscou con fútbol directo o empate, pero chocáronse de fronte cun Ural que deixou moi boas sensacións na Fonte e que se afianza no segundo posto da clasificación.



Arbitro: Jesús López Fdez. Alberto Blanco e Miguel Pin Campo: A Fonte (Cospeito)



Yago Fernández subindo o balón pola banda dereita



Asier anticipándose a un xogador herculino



Cristhian rabuñando o balón dende o chan a un rival



Mateo loitando polo balón ante a mirada de Fonseca

# A Milagrosa colle impulso na Coruña

**YAGO ASINOU O ÚNICO GOL DO PARTIDO** que lle da tres puntos de ouro aos de Madriles, que ademais estrearon a conta a domicilio



Yago, autor do único gol, rematando a portería na Friga

A Milagrosa confirmou ante o Calasanz B que mantén a súa liña ascendente na Liga Galega cadete, onde os de Madriles puntuaron en tres das últimas catro xornadas. Ademais, na Coruña estrearon a conta de puntos a domicilio cunha vitoria.

O encontro estivo marcado polas condicións climatolóxicas e as do terreo de xogo, completamente encharcado. As imprecisións eran continuas nos primeiros minutos, nos que a loita librouse no medio campo, moi lonxe das áreas, polo que as ocasións



Arbitro: Alejandro García. Diego Cernadas e Andrés López Campo: San Pedro de Visma

brillaron pola súa ausencia.

A media hora a Milagrosa pegou un golpe sobre a mesa cun gol de Yago, ao culminar unha contra cun disparo por encima do porteiro que puxo por diante aos lucenses.

A Milagrosa fíxose forte en defensa e ao contra-golpe dispuxo das mellores ocasións. Aínda na primeira parte Raúl puido ampliar a diferenza cun remate desde o punto de penalti que desviou o porteiro herculino.

**“Sudamos tinta para ganar. El sufrimiento la valentía la osadía y la fe en el trabajo nos llevará a más recompensas”**

MADRILES SCD Milagrosa

Xa na segunda metade o Calasanz arriscou máis en busca do empate, pero a Milagrosa tirou de solidez defensiva para non conceder ocasións e á contra dispuxo das mellores oportunidades para sentenciar o encontro.

Ao final, premio á insistencia e ao traballo dunha Milagrosa que puntuou en tres dos últimos catro encontros.

## OS MELLORES

| MILAGROSA |       |
|-----------|-------|
| RAÚL      | 2 2 2 |
| YAGO      | 2 2   |
| MIGUEL    | 2     |

# A pólvora estivo mollada

O **RÁcing VILLALBÉS** foi mellor no Roca ante un Estrada que aproveitou o seu maior físico cando o campo se puxo máis pesado



Arbitro: Jesus Adan Gallego, Tania Fente e Jorge Fernández Campo: Estadio Roca

**“Fixemos merecementos de sobra para gañar o partido. A nivel colectivo o encontro déixanos moi boas sensacións”** **SIMÓN LAMAS** RC Villalbés

O Rácing Villalbés, que ata a semana pasada non empatara en ningún encontro, igualou o segundo de forma consecutiva tras escapáse-lles aos de Simón Lamas dous puntos no Roca.

Aos chaireiros pouco se lles pode reprochar xa que asinaron un partido moi completo, sobre todo na primeira parte na que o un a cero co que se chegou ao descanso semellaba moi curto.

Cabado e Gabi foron unha ameaza constante por banda dereita, mentres que con Iago Gesto na punta de ataque o

Rácing saía directo para empenazar a crear en campo rival. As ocasións sucedéronse, entre elas un remate ao larguero, un man a man de Iago e dous disparos perigosos de Diego, pero tan só Raúl, tras unha asistencia de Noel, atopou o camiño do gol cun certo remate ao fondo das mallas á media hora de xogo.

Xa na segunda parte, co paso dos minutos, o campo foise poñendo cada vez máis pesado á vez que o Estrada crecía impondo o seu maior poderío físico.

## OS MELLORES

### RC VILLALBÉS

RAÚL C. 1 1 1 1

CABADO 1 1

NOEL 1

2

**EMPATES** consecutivos dos de Simón Lamas, que ata a pasada xornada aínda non empatara ningún encontro. Na próxima xornada visitan ao Victoria B en Leyma



Cadra, autor do segundo gol do Rácing, protexendo o balón

O Villalbés púxose o mono de traballo e reaccionou pronto e ben ao empate visitante, que chegou aos cinco minutos tras un saque de esquina. Tan só seis máis tarde, Cadra lucíuse cun lanzamento de falta desde o borde da área para volver poñer en vantaxe ao Rácing co dous a un.

Iago volveu acariñar e a merecer o gol, pero o porteiro visitante despois dounha clara ocasión, pouco antes de que o Estrada se levase un excesivo premio do Roca ao empatar o encontro tras unha boa acción individual dun xogador visitante.

Con apenas dez minutos por diante os de Simón Lamas fóronse á carga polo gol da vitoria pero con máis corazón que cabeza, polo que viron esfumarse dous puntos ante o Estrada.



Goles: Hugo, Miguel e Jorge por o R. Ferrol B. Michi por o CD Lugo B. Arbitro: Daniel Barrera Lourido, Iago De Oliveira Herrera e Xoana Crespo López

Quiroga tomou a rendas do Lugo B da Liga Galega cadete tras unha semana de cambios na entidade albivermella que desencadeou na dimisión de Edu Rodríguez tras un fugaz paso polo xuvenil de Liga Nacional.

Quiroga intentou traballar da mellor forma posible ao longo

## Derrota ante rival directo

**QUIROGA** estivo á fronte do equipo trala dimisión de Edu

**“Queda muchísimo trabajo por delante. Que sirva de exemplo la segunda parte”** **QUIROGA** CD Lugo B

da semana, preparando a conciencia o encontro ante o Rácing de Ferrol B, un rival directo por eludir o descenso, pero os lucenses non estiveron nada ben ao longo dos primeiros corenta minutos sobre un terreo de xogo moi encharcado e sobre o que os ferroláns foron máis intensos.

O un a cero chegou moi pronto, cando tan só se cumpriran seis minutos de xogo, nunha acción a balón parado na que quedou patente a falta de tensión dos lucenses. O Rácing de Ferrol B aproveitou o seu dominio para poñer terra polo medio no



Luis co balón controlado ante un rival nas Gándaras

marcador co dous a cero e sentenciou o partido antes da media hora inicial co tres a cero.

No descanso Quiroga intentou variar o rumbo do encontro cunha defensa de tres e cun fútbol máis directo. O Lugo B tivo algunha

chegada con perigo en dúas accións a balón parado nas que estrelaron senllos remates no poste, pero o gol co que soñaban meterse de novo no partido chegou demasiado tarde, a falta de dous minutos, ao enviar Michi ao fondo das mallas un balón solto na área local.

## O Xuventude Oroso segue sen conceder opcións

O **VIVEIRO** caeu ante un rival que encadea dez vitorias consecutivas na Liga Galega cadete



Goles: Miguel, Leandro, Axel e Jairo polo X. Oroso

